

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE BAIONA

### CELEBRADA O DIA 1 DE XUÑO DE 2017

<b>ALCALDE-PRESIDENTE:</b>	D. ANGEL MANUEL RODAL ALMUÍÑA
<b>CONCELLEIROS:</b>	D <sup>a</sup> . MARÍA IGLESIAS FERNÁNDEZ D <sup>a</sup> . ANA SIMÓNS SÁNCHEZ D <sup>a</sup> . MARÍA JESÚS MARTINS PASSOS D. POLICARPO VILAR MISA D. JOSE ANGEL BAHAMONDE RODRÍGUEZ D. RAUL COSTAS LAFUENTE D <sup>a</sup> BEATRIZ GONZÁLEZ PÉREZ D <sup>a</sup> .M <sup>a</sup> DEL CARMEN PAREDES CABRAL  D. RAFAEL LORES ROSAL D. CARLOS GÓMEZ PRADO D <sup>a</sup> VIRGINIA SANTOS CABRERA D <sup>a</sup> LAURA MIGUEZ PÉREZ  D. IAGO PEREIRA MOREDA D. XOSE MANUEL MARCOTE GIL  D. SILVANO MONTES SÁNCHEZ D <sup>a</sup> AROA DOMÍNGUEZ PARDIÑAS
<b>SECRETARIA MUNICIPAL:</b>	D <sup>a</sup> . SUSANA GALLARDO FARIÑA
<b>INTERVENTORA:</b>	D <sup>ÑA</sup> .M <sup>a</sup> ROSA DEL RIEGO SANTOS

Na Casa Consistorial de Baiona, a un de xuño de dous mil dezasete, sendo as doce horas reúnen-se os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello.

Procédese ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

#### **1.- APROBACIÓN DE ACTA ANTERIOR.**

##### **- Acta da sesión ordinaria de data 4 de maio de 2017.**

O Sr.Alcalde pregunta si hai algunha observación que facer á devandita acta, e non producíndose ningunha fica aprobada por unanimidade.

#### **2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.**

O Sr.Alcalde da conta das Resolucions da Alcaldía ditadas dende o último Pleno ordinario cuxa relación foi entregada ós/ás concelleiros.

#### **3. PLAN ECONOMICO FINANCIERO 2017-2018.**

O Sr.Alcalde cede a palabra a **SRA.IGLESIAS, PP**, quen procede á lectura seguinte:

Tal como acordamos no Pleno anterior, unha vez aprobada a liquidación do exercicio 2016, traemos a este Pleno o Plan económico e financeiro tal e como marca a Lei.

Para contextualizar este PEF hai que mencionar un aspecto importante ocorrido a finais do 2015 que é cando o Ministerio de fomento nos fai unha transferencia por valor de un 1.300.000 euros, para o proxecto do Hospital Sancti Espiritu. Este feito provoca que a estabilidade presupostaria dese ano se vexa inflada xa que hai un ingreso moi importante pero non un gasto, que se xenera no 2016, e o que provoca que en dito ano teñamos un gasto sen un ingreso que quedou no exercicio anterior alterando o cálculo de teito de gasto e estabilidade presupostaria.

Cabe resaltar que esta foi unha cuestión coxuntural e non estrutural tal e como acabo de explicar.

A economía do Concello segue a ser boa, sen débeda viva, e co resto dos índices financeiros positivos, tendo a día de hoxe un remanente de tesourería de máis tres millóns e medio, e que non podemos usar debido á lexislación actual.

Dito isto o que plantexamos neste PEF, e como obxectivo para o 2018, é a baixada do gasto corrente, a declaración de non disponibilidad de tres partidas de inversión e un aumento de ingresos principalmente por dúas vías: a actualización de coeficientes de incremento do valor catastral do IBI urbano, que non se facía dende o 2016 e que será efectivo para o 2018; e a subida da taxa de recollida de lixo nun 5%, que tamén será efectiva o próximo ano.

**SR.LORES, PSOE.-** Neste punto pouco máis hai que dicir do que xa dixemos no Pleno anterior dos orzamentos. Lamentar una vez máis que a falta de xestión e a falta de rigor do equipo de goberno leve a que aos vecinos de Baiona se lles incremente o recibo do lixo e o IBI.

Pouco máis hai que dicir do que explican os servizos de Intervención; que pola súa parte xa avisaban, algunhas modificacións de crédito, que si eso se levaba a cabo do xeito que se estaba propondo por parte do equipo de goberno corríamos o risco de caer no desequilibrio presupostario. O equipo de goberno fixo oídos sordos ás suxerencias do equipo técnico, e levounos a que, por una imprudencia, una falta de rigor dos servizos públicos, nos leva a esta situación.

O plan económico e financeiro hai que facélo porque a lei nos obriga, e vamos a estar tutelados e vixiados pola Consellería e máis polo Ministerio de Facenda durante 2 anos, polo tanto contra eso non temos nada; pero o noso voto vai a ser en contra porque non estamos dacordo con que a falta de xestión do equipo de goberno, por no dicir incompetencia, e da súa xestión económica, leve os vecinos a pagar os platos rotos; iso é o que non aceptamos e por elo o noso voto vai a ser en contra.

**SR.PEREIRA, BNG.-** Di a proposta da Alcaldía que non é un problema estrutural. Evidentemente isto, concretamente, a razón porque hai que facer un plan económico e financeiro non é; si que é certo; pero o problema si que é estrutural por culpa dunha lei orgánica, 2/2012 do 27 de abril, que vostedes, o Partido Popular, puxo en vigor e en funcionamento coartando moitas posibles inversións necesarias en cada Concello; entón si que é un problema estrutural porque é un problema que si se volve a repetir no tempo, calquer alcalde ou calquer equipo de goberno vai a volver a ter que facer outro plan económico e financeiro.

Esas regras de xogo impostas por vostedes nin siquera foron capaces de cumprilas e agora se ven co problema de ter que facer o plan económico e financeiro, o cal evidentemente ten que ser un plan moi, moi defensivo, e obrigálos a subir o IBI un 4% e a taxa de lixo un 5%, senón seguramente os números non dan.

Insisto, o problema é estrutural, o problema é a Lei, non é o que están aquí presentando vostedes, que evidentemente é o que teñen que facer, a lei di que teñen que presentar un plan económico e financeiro, por desgracia baiona non ten uns ingresos de terrenos industriais ou do que sexa a maiores, e evidentemente hai que subir as taxas para conseguir cuadrar eses números a dous anos vista.

nos evidentemente vamos a votar en contra de gravar ós veciños con máis taxas por unha inxusta lei que o único que busca realmente é que calquer tipo de inversión que poda facer un concello senón é sostible ese mesmo ano, o cal é moi complicado financeiramente, te obrigue a facer estes pasos e te coarte durante os dous seguintes anos para poder facer algún tipo de inversión a maiores, que sería necesaria seguramente para o desenvolvemento económico, turístico e financeiro de baiona.

**SR.MONTES SÁNCHEZ, EU-SON.-** Nuestro grupo también va a votar en contra y queremos explicar un poco el porqué, donde vemos las dudas en este plan. Partimos de la base de que Intervención advirtió reiteradamente que no se debería ejecutar en su totalidad el remanente de Tesorería que había, por el riesgo de incumplimiento de la regla de gasto, y aun así se asignaron 586.000 euros a expedientes de modificación mediante crédito extraordinario, financiación de inversiones con el expediente de reconocimiento extrajudicial, el 1/16. Hai que recordar que en este expediente se hicieron pagos en apartados ó en partidas que ya tenían el crédito agotado, estaban declaradas nulas de pleno derecho, y aún así se hicieron los pagos y se consignó esa partida.

Partiendo de ahí y vistos los cuadros que nos presentan en el informe tenemos dudas de que se vaya a cumplir este plan; porque si nos retractamos, si nos vamos a la memoria del presupuesto del 2016, en esa memoria el alcalde explicaba muy bien que los presupuestos eran así para cumplir la regla de gasto, igual que en este plan que estamos viendo ahora.

Si se incumplió en su momento, no por un error, porque el problema no es que haya pasado por un error, que podría ser justificable, todos nos equivocamos; aquí no vemos que haya un error; aquí hay una actuación hecha a conciencia, es decir, se sabía que no se podía gastar ese dinero y se ha gastado, se ha seguido adelante; además en partidas, como vimos en su momento en el expediente de reconocimiento extrajudicial, con un montón de reparos por parte de Intervención. Por lo tanto nadie nos garantiza que no vuelva a pasar este año.

Amén de que en los cuadros que nos presentan vemos en el estado de Ingresos, derechos reconocidos netos 2017-2018, los mismos en impuestos directos; bueno, si va a haber una subida del IBI, igual es desconocimiento, pero debía estar reflejado ahí.

En tasas lo mismo; mismos derechos en 2017 que en 2018; si hay un incremento de la tasa, porque se va a subir la tasa de basura, algo debería aparecer reflejado.

Y en el capítulo de Gastos, nos encontramos con una sorpresa en el capítulo I de gastos de personal, que prácticamente no se mueve. Si tenemos en marcha una RPT, que resulta que según lo que se publicó en su momento y que no se desmintió por parte del equipo de gobierno, es que nos iba a costar un plus de 300.000 euros, pues una de dos: o no está recogida aquí o es que no se piensa poner en marcha la RPT; nos queda esa duda también.

Vuelvo a repetir que no nos parece un error de cálculo; es un error hecho a conciencia; ahí discrepamos un poco con el partido socialista en que sea por ineptitud; pensamos más bien que es un acto de soberbia, y perdonen la palabra, "no lo podemos hacer y lo hacemos; tenemos mayoría"; y por toda esa soberbia los vecinos van a tener que pagar esas facturas.

Bien, no tienen en cuenta en absoluto que se podía hacer el plan en lugar de con subida de ingresos con reducción de gastos, salvo en los investimentos reales, que ahí sí se le da un buen bocado, medio millón de euros. Pero vemos que la reducción en el capítulo II es prácticamente inexistente con respecto al 2016. Y volvemos a ser pesados con el capítulo II, y de donde se podía sacar el dinero, porque al final estamos hablando de unos ingresos extras por el incremento del IBI y de la recogida de basuras de 135.000 euros, y ese dinero ien se podía sacar, como ya dijimos en su momento que nos parecía excesivo, de Festejos y gastos para fines culturales y deportivos, sacándolo de ahí se podía ajustar ese presupuesto, que ya íbamos que iba casi por 600.000 euros, y no tendríamos que subir para nada las tasas a los vecinos. Repito, es un acto de soberbia; no de ineptitude.

**SRA.IGLESIAS, PP.-** Vostedes saben igual que nós que este tema da regra de gasto e da estabilidade presupostaria é un tema bastante complexo dunhas fórmulas e que nos temos uns datos no mes de marzo e que ata cerrar o exercicio moitas veces non sabemos como vamos a cerrálo; ou sexa que non é nin un acto de prepotencia nin un tema de imprudencia, senón neste caso algo de descoñecemento e sorpresa porque as cousas son bastante complicadas.

Como lle dixen, o tema o vimos arrastrando dende finais de 2015, cando nos fan ese ingreso para a biblioteca, porque iso nos xenerou no 2016 ter un gasto e non ter ingreso; estamos falando dunha transferencia de crédito de 1.300.000 euros, que é moitísimo, iso descolocounos un pouco o resultado do exercicio.

En canto á subida dos ingresos pola vía da subida de dúas taxas; comentar que o tema do IBI non se tocaba dende 2016, e que neste ano 2017 que nos o vamos a modificar para o 2018, 2.400 municipios de España o van a modificar, dun total dos 8.000 que somos, ou sexa máis dun 20%; creo que está xustificado e vemos esa necesidade.

Tamén vamos a reducir os gastos, vamos a reducir seguramente un 8% dos gastos en tódalas partidas. Intentaremos axustarnos, porque somos os máis beneficiados, se nos axustamos para poder utilizar o remanente de Tesourería, porque a situación do Concello é boa, pero como ben decía o BNG, a lexislación actual que temos, e somos realmente os municipios os que estamos dando positivo nos datos macroeconómicos de España de cara a Europa, temos que mantér estes gastos; saben vostedes que as partidas nunca se esgotan ó 100% senón que o teito do gasto nos marca un límite, non sei si é sobre o 95%. Ou sexa que non gastamos todo o que temos, e co que sí nos quedamos é que os datos financeiros do Concello son bos, e que non se está facendo una mala xestión senón que foi una situación coxuntural aínda que o BNG diga que é estrutural.grupo de gobernó grupo de gobernó

**SR.LORES, PSOE.-** Non sei si é soberbia ou si é incompetencia, pero estamos nesta situación; e entendo que o grupo de goberno está feito a decidir e ten lexitimidade para facélo porque ten os votos con maioría absoluta, pero creo que pensan máis na súa facilidade da xestión que no beneficio dos veciños e veciñas. Por comodidade é fácil aplicar o rodillo e incluso mirar para outro lado cando os servizos técnicos están orientando dunha forma determinada; e neste caso así foi porque o servizo de Intervención xa a principios do ano 2016 advertía que con ese tipo de procedementos e de resolver a parte económica podíamos chegar a esta situación.

Situación que nos leva á subida do IBI, á subida da taxa do lixo, outra que coindiciona as inversións na actualidade e no futuro; e outra, que nos quedamos outra vez sin o pouco que había para o rescate do parking do Aral; polo tanto estamos sempre dando voltas sobre o mesmo caso; nos non entendemos como sempre estamos dando voltas. Poderíamos entender que na relación de gastos se aplicara ese 5% en descontar as retribucións do equipo de goberno ou incluso vivando as retribucións e dietas de toda a Corporación; si ese é un error de todos os que estamos aquí tería sentido, sería o normal. Primeiro o equipo de goberno, que é o máximo responsable, e despois a oposición por non estar máis finos nesas temas. Sería unha xustificación ante os veciños; sería decirlles "nos hemos equivocado, algo hemos hecho mal, hemos metido la pata, e o final vamos a pagar nós", porque que sempre paguen os mesmos os erros de outros non ten moito sentido.

Por outro lado, no mes de xaneiro o grupo socialista presentou una moción para, unidos á FEMP, facilitar a viabilidade económica dos Concellos, e o equipo de gobernó non quixo entrar. Penso que todos estes temas que se fan a veces por una imaxe política, por unha imaxe de fácil xestión, levan consigo que teñan repercusións moi negativas para todos nós.

Polo tanto lamentamos profundamente esta situación; lamentamos a falta de sensibilidade do equipo de goberno e pedimos que no sucesivo se procure ter máis preocupación e máis empeño en resolver os fondos de todos os baioneses e baionesas.

**SR.PEREIRA, BNG.-** Insisto, o problema de non cumprir a regra de gasto no presente ano e ter que facer un plan económico e financeiro evidentemente é un problema puntual; insisto; e o problema é estrutural porque isto ven debido a unha lei que hai que cumprir tódolos anos, entón se converte nun problema estrutural. Ademais, nós aquí tamén plantexamos, unha das saídas que podían ter economicamente os Concellos, que era poder reinvertir, os remanentes de tesourería, os superávits, en cuestións de financiamento local, que vostedes tampouco apoiaron; é decir, ó final, están vostedes creando, o Partido Popular, un problema estrutural; non deixan, ou non apoian, que os superávits poidan acabar axudando economicamente aos orzamentos e aceptan unas regras de xogo que dicen que como teña vostede un saldo negativo ten que facer un plan económico e financeiro a dous anos. Entón, evidentemente Sra.Iglesias, temos un problema estrutural e de fondo, e un problema político. Vostedes aceptaron esas

reglas de xogo, ata agora lles foi ben, e o vendían Pleno tras Pleno, decían “débeda 0, débeda 0”; agora non o poden decir, aínda que é verdade que o Concello non está endeudado nestes momentos, pero non o poden decir polas propias regras de xogo que vostedes aceptaron e non foron capaces de cumprir. ¿Todo isto quen o paga?, os veciños e veciñas de Baiona porque vai a ter que saír do seu bolsillo cumprir o plan económico e financeiro, ou deixar de ter inversión como as que acaban de eliminar do saneamento de Eidos e o arranxo dos camiños nas parroquias; ¿quen paga?, os veciños e veciñas de Baiona; por iso o problema é estrutural, non é puntual como vostedes defenden. Evidentemente vamos a votar en contra.

**SR.MONTES SÁNCHEZ, EU-SON.-** Vamos a ver, esos municipios que vayan a subir el IBI, y que probablemente nosotros en un momento dado tuvieramos también que tener que subirlo, no es que nuestro grupo esté en contra en sí de la subida de impuestos; los impuestos tienen que estar regulados y tienen que ser los que tienen que ser; pero se supone que una tasa es para cubrir los gastos del servicio que se da, y los impuestos tendrán que redundar en un beneficio ó en un servicio al vecino; en este caso esta subida tal y como se nos presenta no es para mejorar un servicio, es simplemente para tapar un agujero; y ahí es donde estamos en contra; no en que se suba ó en que haya que subirlo, que probablemente habrá que revisarlo y habrá que revisar más tasas; no lo sé; para eso están los técnicos con sus estudios económicos que nos dirán lo que haya que hacer en cada momento; pero no estamos hablando en este momento de que haya que tapar el agujero de un servicio que es deficitario y que por lo tanto hay que subir la tasa, ó de que vamos a subir tal impuesto porque vamos a mejorar no sé que cosa; no; se trata simplemente de tapar un agujero que han creado ustedes. Por lo tanto vamos a votar en contra.

**SR.ALCALDE.-** Simplemente comentarles que somos ineficaces, somos soberbios, y me queda algún calificativo más; pero las reglas del juego, Sr.Pereira, usted lo ha dicho, son así, y tenemos que aceptarlas nos gusten ó no nos gusten.

Con respecto a lo que decían de que todo fuera reducción de gastos y no incremento de ingresos, el plan tiene que ser así, tiene que haber incremento de ingresos. Y dentro de ese incremento de ingresos nosotros obviamente vemos los que están más justificados; acaba de decir ahora el Sr.Montes que el IBI sí se podía tocar, como tocaron otros municipios, La Guardia, Nigrán, Tomiño. Por cierto, María Iglesias se confundió en cuanto al IBI desde el 2016, era desde el 2010; también se había bajado el IBI del 0,6 al 0,5 hace año y medio; y con respecto a la recogida de basura, creo recordar que tampoco desde hacía 4 años se subía la tasa; eso nunca se dice; y como podrán ver hay unas grandes mejoras ahora mismo y ustedes podrán decir que el camión del nuevo servicio ó los contenedores nuevos que han venido es por Diputación, pero hay que hacer un mantenimiento constante de otros camiones y eso redundará en el beneficio de todos los baioneses. En cuanto a lo que comentó, Sr.Montes, de que no se hablaba de la RPT, que eran unos 300.000 euros, estamos en negociación; eso si entra y si se llega a buen puerto será el año que viene; tendrá que venir en el presupuesto 2018. No quiere decir (para eso están las negociaciones) que todo el importe que usted dice tenga que asumirse en gasto de personal; no, no; en completo; se negocia para que pueda ser en 2, 3 ó 4 años; o sea que no tiene que ser en un año solo, puede ser en sucesivos años; para eso están los presupuestos. Espero que podamos presentar el presupuesto del 2018 en diciembre, como tiene que ser, y las cuentas son así.

---

**Sometido a votación o presente punto polo Sr.Alcalde, resulta: resultando: 9 votos a favor, PP; fronte a 8 votos en contra (4, PSOE; 2,BNG; 2, EU-SON).**

E por isto que o Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

“De acordo co disposto no artigo 21.1 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de Abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOESPF), segundo a redación dada polo artigo 1.7 da Lei 9/2013 de control da débeda comercial no sector público, no caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración incumpridora formulará un Plan Económico Financeiro que permita durante o ano en curso e o seguinte, o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto.

A estabilidade orzamentaria pasou de ser un obxectivo da política económica a articularse en termos de obriga legal e constitucional.

En cumprimento do disposto no artigo 191.3 do Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 90 do RD 500/1990 que desenvolve a anterior en materia de presupostos, aprobouse a liquidación do orzamento do Concello de Baiona correspondente ao exercicio 2016 mediante Decreto da Alcaldía do 24/04/2017, acompañada dos preceptivos informes da Intervención, poñéndose de manifesto o incumprimento por parte do Concello da estabilidade orzamentaria no importe de **-182.742,75 €** e da regra de gasto no importe de **-343.387,82 €**

Así, de acordo co sinalado, na Resolución de Alcaldía: “Acreditado el incumplimiento de la regla de gasto definida en el artículo 12 de la Ley Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, deberá procederse por el departamento de Intervención del Ayuntamiento a la elaboración del Plan Económico Financiero en el plazo máximo de un mes, en los términos señalados en el artículo 23 de dicha norma, debiendo remitirse al Pleno de este Concello para su aprobación, en el plazo máximo de dos meses desde su presentación” Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e limite de débeda con motivo da liquidación do orzamento de 2016”. Por outra banda no informe de Intervención nº 37/17, advertíase da necesidade de dar cumprimento ao sinalado no artigo 21 da LOEPSF, isto é, elaborar un Plan económico financeiro.

**2.- OBXECTIVOS:**

Os obxectivos que se pretenden obter co presente Plan Económico Financeiro son que o Concello de Baiona continúe cumprindo con todas as magnitudes económico financeiras seguintes que permitan valorar positivamente a situación económica da Corporación:

- Aforro Neto positivo
- Remanente de Tesourería positivo
- Resultado Orzamentario positivo
- Nivel de Endebemento por debaixo dos límites marcados legalmente para cada exercicio.
- Estabilidade Orzamentaria en situación de Superávit ou de Capacidade de Financiamento
- Cumprimento da Regra de Gasto

Para lograr estes obxectivos, principalmente a regra de gasto e estabilidade orzamentaria, que foron os que motivaron a elaboración do presente Plan, que se estruturará nas seguintes fases, seguindo o esquema establecido polo Ministerio de Facenda e Función Pública:

- 1ª Fase: Causas, diagnóstico e previsión temporal:

Dita fase consiste en realizar unha análise das magnitudes descritas e outras que se consideren pertinentes para detectar cal é o motivo do incumprimento das Regras Fiscais de conformidade co previsto na LOEPSF e cales son as previsións tendenciais baixo o suposto de que non prodúcense cambios nas políticas fiscais e de gastos

- 2ª Fase: Medidas: descrición, contificación e calendario:

Esta fase consiste en determinar as estratexias de actuación e as medidas a adoptar; propóñense as principais medidas que se pretenden levar a cabo para corrixir a situación cuantificando o efecto que ditas medidas terán sobre a economía da entidade. Sinálanse os obxectivos a lograr coa aplicación do Plan en relación coa Capacidade/Necesidade de Financiamento, Límite de Gasto e Nivel de Débeda.

- 3ª Fase: Conclusión e obxectivo:

Isto é, téñense que levar á práctica as medidas propostas e desenvolvidas na fase anterior conforme o calendario de actuación que se aprobe.

- 4ª Fase: Control e Seguimento do Plan.

O control será realizado polo órgano de Tutela financeira a través dos Informes de Intervención trimestrais, semestrais ou anuais (de aprobación do Orzamento, Liquidación do Orzamento, Obrigas Trimestrais, etc) nos que se poña de manifesto si están a cumprirse os obxectivos marcados no propio Plan.

Segundo o artigo 21 da LOEPSF, o plan económico financeiro conterá, como mínimo, a seguinte información:

- a) As causas do incumprimento do obxectivo establecido ou, no seu caso, do incumprimento da regra de gasto.
- b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
- c) A descrición, contificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extraorzamentarios nos que se contabilizarán.
- d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basan estas previsións, en consonancia co contemplado no informe ao que se fai referencia no apartado 5 do artigo 15
- e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos."

Ao contido mínimo anterior hai que engadir o contido establecido no apartado 2 do artigo 9 da Orde HAP/2105/2012 recollido0 nos seguintes termos:

"a) Las medidas correctoras aprobadas, cuantificadas y fundamentadas, señalando la fecha de su implementación.

Estas medidas deberán ser coherentes con la variación interanual de sus previsiones presupuestarias respectivas.

b) La estimación y justificación de los ajustes de contabilidad nacional y la coherencia con el límite de gasto no financiero, calculado en la forma que establece la regla del gasto.

c) La evolución de la deuda, el cumplimiento del límite de deuda, las magnitudes de ahorro bruto y neto, la estimación de los saldos de tesorería, el exceso de financiación afectada y el remanente de tesorería para gastos generales".

Ademais, a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local incluíu un novo artigo 116.bis na Lei de Bases de Réxime Local que no seu apartado segundo ven a establecer o contido adicional que o plan debe presentar, por canto que deberá tamén incluír a lo menos algunha das seguintes medidas:

- a) Supresión das competencias que exerza a Entidade Local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación.
- b) Xestión integrada ou coordinada dos servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir custes.
- c) Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir os seus custes.
- d) Racionalización organizativa.
- e) Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio que, no exercicio orzamentario inmediato anterior, incumpran co obxectivo de estabilidade orzamentaria ou co obxectivo de débeda pública ou que o período medio de pago a provedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.
- f) Unha proposta de fusión cun municipio colindante da mesma provincia."

### 3.- PRIMEIRA FASE: CAUSAS, DIAGNÓSTICO E PREVISIÓN TEMPORAL

Segundo se sinala no informe de Intervención nº 36/17 á liquidación do Orzamento de 2016, a causa que motivou principalmente o incumprimento da regra de gasto, e do obxectivo de estabilidade orzamentaria, foi a utilización do Remanente de Tesourería para gastos xerais, por encima dos importes previstos para aquelas inversións consideradas financeiramente sostibles. Así como se recolle no devandito informe: "En este exercicio 2016 se ha utilizado el RTGG en un importe bastante elevado, ascendiendo las obligaciones reconocidas financiadas con este recurso a la cifra de **1.209.631,37 €**. Ello ha contribuido a que el ejercicio de 2016 se haya liquidado con incumplimiento de la regla de gasto y con necesidad de financiación, como se señalará en informe independiente, que da lugar a la obligación de elaborar un plan económico financiero. Así de la cifra de ORN de 1.209.631,37 € financiadas con RTGG utilizados en expedientes de modificación del Presupuesto de 2016, sólo la cifra de 623.591,74 € corresponden a inversiones financieramente sostenibles, el resto (**586.039,63 €**), si computan a efectos del cálculo de la regla de gasto y de la capacidad de financiación, y han motivado el incumplimiento de ambos."

**Como pode observarse, e tendo en conta que o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria foi de -182.742,75 €, a causa deriva da utilización en exceso do Remanente de Tesourería para gastos xerais, en expedientes de modificación de créditos.** Posto que ou devandito recurso trátase de un recurso financeiro, non computa aos efectos do cálculo da estabilidade orzamentaria, con todo, as obrigas recoñecidas financiadas con ese recurso imputáronse aos capítulos 2: gasto corrente e 6: investimento reais, polo que se computan como maiores gastos no financeiros, e por tanto afectan ao cálculo da estabilidade orzamentaria, diminuíndoo

**Non relativo a incumprimento da regra de gasto, non importe de -343.387,82 €, agás as inversións consideradas como financeiramente sostibles: 623.591,74 €, ou resto de obrigas recoñecidas con cargo aos capítulos 2: gasto corrente e 6: investimento reais, polo importe total de 586.039,63 €, si computan como maiores gastos no financeiros, e por tanto aumentan ou gasto computable na liquidación do exercicio 2016.**

**A conclusión que se extrae é que se só houberan utilizado o Remanente de Tesourería para gastos xerais para a realización de inversións financeiramente sostibles non se houbera producido ou actual incumprimento**

É preciso recodar que este Concello cumpriu os devanditos obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e nivel de débeda, dende a entrada en vigor da LOEPSF, como se detalla a continuación, posto que no exercicio 2013 procedeuse á cancelación da débeda con entidades financeiras e coa Deputación Provincial

AÑO	DEBIDA VIVA	REGRA DE GASTO	ESTABILIDADE ORZAMENTARIA
2013	0 €	<b>441.291,03 €</b>	<b>648.901,06 €</b>
2014	0 €	<b>8.941,63 €</b>	<b>1.000.624,70 €</b>
2015	0 €	<b>712,56 €</b>	<b>2.385.959,93€</b>

Por tanto pode considerarse que o incumprimento do exercicio 2016 está perfectamente identificado Seguindo o esquema establecido polo Ministerio de Facenda e Función Pública, resultaría que a evolución dos ingresos e gastos dos orzamentos deste Concello, baixo a hipótese de non producirse cambios nas políticas fiscais e de gastos, é a recollida nos cadros seguintes:

INGRESOS-INFORMACIÓN ECONÓMICA E ORZAMENTARIA. Estimación das obrigas e dereitos recoñecidos a data fin de exercicio

#### ESTADO DE INGRESOS

capítulo	CONCEPTO	DRN 2016 (1)	DRN 2017 (2)	DRN 2018 (3)
1	Impostos directos	3.914.228,62	3.814.228,62	3.814.228,62
2	Impostos indirectos	108.257,60	92.508,40	92.508,40
3	Taxas e outros ingresos	1.849.217,19	1.660.288,14	1.660.288,14
4	Transferencias correntes	3.000.409,05	2.712.881,71	2.712.881,71
5	Ingresos Patrimoniais	574.261,38	390.649,65	390.649,65
6	Alleamento investimentos	0,00	0,00	0,00
7	Transferencias de capital	385.769,19	1.011.088,07	811.088,07
<b>TOTAL</b>		<b>9.832.143,03</b>	<b>9.681.644,59</b>	<b>9.481.644,59</b>

(1)- Dereitos recoñecidos netos

(2)-previsión de dereitos recoñecidos netos

(3)-Previsión de dereitos recoñecidos netos

### ESTADO DE GASTOS

capítulo	CONCEPTO	ORN 2016 (1)	ORN 2017 (2)	ORN 2018 (3)
1	Gastos de persoal	3.722.442,51	3.682.474,83	3.767.171,76
2	Gastos en bens correntes e servizos	3.716.836,83	3.598.475,69	3.681.240,63
3	Gastos financeiros	4.000,00	2.000,00	2.000,00
4	Transferencias correntes	325.235,64	336.897,95	344.646,60
5	Fondo de continxencia	0,00	0,00	0,00
6	Investimentos reais	2.097.637,01	1.761.262,14	1.566.522,49
7	Transferencias capital	2.050,00	23.708,02	0,00
<b>TOTAL</b>		<b>9.868.201,99</b>	<b>9.404.818,64</b>	<b>9.361.581,48</b>

(1). Obrigas recoñecidas netas

(2). Previsión de obrigas recoñecidas netas a final de exercicio.

(3) Previsión de obrigas recoñecidas netas a final de exercicio

### ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

CONCEPTOS	2016	2017	2018
Ingresos non financeiros	9.832.143,03	9.681.644,59	9.481.644,59
Gastos non financeiros	9.868.201,99	9.404.818,64	9.361.581,48
Axustes	-146.683,79	-244.869,13	-255.110,83
Capacidade de financiamento	<b>-182.742,75</b>	<b>31.956,82</b>	<b>-135.047,72</b>

### REGRA DE GASTO

Exercicio 2016				
Gasto computable liquidación 2015:	Taxa referencia 2016	Límite regra gasto 2016	Gasto computable liquidación 2016	Cumprimento/incumprimento regra gasto
7.447.707,01 €	7.581.765,73 €	7.581.765,74 €	7.925.153,56 €	-343.387,82 €

Exercicio 2017				
Gasto computable liquidación 2016:	Taxa referencia 2017	Límite regra gasto 2017	Gasto computable liquidación 2017	Cumprimento/incumprimento regra gasto
7.925.153,56 €	8.091.581,78 €	8.091.581,78 €	8.093.271,18 €	-1.650,00 €

Exercicio 2018				
Gasto computable liquidación 2017:	Taxa referencia 2018	Límite regra gasto 2018	Gasto computable liquidación 2018	Cumprimento/incumprimento regra gasto
8.093.231,78 €	8.279.376,11 €	8.279.376,11 €	8.052.275,19 €	227.100,92 €

Para o cálculo da regra de gasto aplicáronse os coeficientes aprobados polo Consello de Ministros:

- 2016: 1,8 %

- 2017: 2,1 %

- 2018: 2,3 %

Finalmente, polo que se refire ao cumprimento da DÉBEDA COMERCIAL E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO A PROVEDORES, a situación é de cumprimento, como pode observarse no seguinte cadro relativo aos informes trimestrais do exercicio 2016, así, estímase un PMP para os exercicios 2017 e 2018 igual que o reflectido no último trimestre de 2016: **-24 días**

TRIMESTRE	Ratio	Importe	Ratio	Importe	PMP
-----------	-------	---------	-------	---------	-----

	Operacións Pagadas (días)	Pagos Realizados (euros)	Operacións Pendentes (días)	Pagos Pendentes (euros)	(días)
Primeiro	-3,97	821.588,69	-30,00	438.690,38	-13,03
Segundo	-29,09	896.466,03	-21,09	613.910,00	-25,84
Terceiro	-24,53	1.147.803,12	-16,97	826.125,94	-21,37
Carto	-25,49	1.795.747,00	-17,71	398.976,91	-24,08

#### 4.- SEGUNDA FASE: MEDIDAS: DESCRIPCIÓN, CONTIFICACIÓN E CALENDARIO

Tendo en conta o incumprimento da regra de gasto derivado da liquidación do exercicio 2016 na contía de -343.387,82 € e na estabilidade orzamentaria na contía -182.742,75 €, fundamentado pola utilización en exceso do Remanente de Tesourería para gastos xerais, **no importe de 1.209.631,37 €**, e o cumprimento de todas e cada unha das outras magnitudes así como o endebedamento e o período medio de pagamento a provedores.

Tendo en conta que este incumprimento ten un carácter coxuntural e non estrutural por canto que se trata da utilización dos remanentes en importe excesivo, situación que non se producirá neste exercicio, no cal no financiase ningún expediente de modificación de crédito con Remanente de Tesoureira para gastos xerais, e no vindeiro exercicio, de poder utilizarse, o será unicamente no importe estimado para a execución de inversións financeiramente sostibles, sé cumprense os requisitos legais para elo

Tendo en conta que podería dicirse que o incumprimento da regra de gasto e estabilidade orzamentaria en principio é máis formal que real, pois a situación da Corporación é netamente positiva, como o corroboran diversas ratios de aforro bruto, aforro neto, remanente de tesourería para gastos xerais (todos eles positivos), pois non se debe esquecer que a regra de gasto impide ou dificulta o traspaso do aforro a outros exercicios, que é neste caso a orixe ou causante da necesidade da elaboración do PEF.

As medidas que se propoñen serían as seguintes:

##### 4.1.-NO ESTADO DE GASTOS

- No utilizar o Remanente de Tesourería para Gastos xerais, pese a que o recurso derivado da liquidación do exercicio de 2016 acendeu a 3.245.499,99 €

- Limitar a utilización do Remanente de Tesourería para o financiamento de gastos (só no relativo ao Exceso de Financiamento Afectado), só para aquelas inversións que están en fase de execución, como é o proxecto de Rehabilitación do Edificio da Biblioteca.

- Xestionar os orzamentos do exercicios 2017 e 2018 coa máxima atención ao cumprimento da estabilidade e da regra de gasto.

- Declarar a no dispoñibilidade de determinadas partidas de inversións, que poidan ser necesarias para os gastos de amortización da débeda derivada da futura operación de crédito a formalizar como consecuencia da recuperación do aparcadoiro soterrado do Aral, una vez finalicen os procedementos xudiciais interpostos. O importe de aforro pola no dispoñibilidade de inversión acende a 135.000 €, co seguinte detalle de aplicacións orzamentarias:

- 133-62200: 95.000 €
- 160-60900: 8.000 €
- 1531-60900: 32.000 €

##### 4.2. NO ESTADO DE INGRESOS

As medidas propostas neste senso, co gallo de conseguir unha maior recadación de maneira **permanente** para futuros exercicios son as que seguen:

CONCEPTOS	Anos	Cuantificación económica: estimación DRN	Observacións
Aplicación de coeficientes de incremento ao valor catastral do IBI urbano, en aplicación do artigo 32.2 da Lei do Catastro Inmobiliario	2018	96.840,00 €	Aprobada por Resolución de Alcaldía de 22/05/17
Subida da taxa de recollida de lixo nun 5 %	2018	38.784,34 €	Modificación Ordenanza, pendente aprobación polo Pleno
<b>TOTAL</b>		<b>135.624,34 €</b>	

No relativo á primeira medida, a estimación dos dereitos recoñecidos netos, deriva da aplicación dun coeficiente de incremento do **4 %** ao valor catastral dos bens inmobles urbanos, dacordo coa comunicación remitida pola Gerencia Territorial do Catastro de Pontevedra. O que supón una estimación de 19.368.000 € de incremento de base liquidable, que a un tipo de gravame do 0,5 %, supón os 96.840 € que estimanse. Por Resolución de Alcaldía de 22/05/17 solicítase á Gerencia Territorial do Catastro de Pontevedra a aplicación dos coeficientes que neste senso poidan preverse no proxecto de LPGE para 2018, exercicio no que será de aplicación. A devandita solicitude debe ser remitida á devandita Gerencia, antes do 30 de maio de 2017, para a súa aplicación

No relativo a subida da taxa de recollida de lixo, pártese do Padrón do exercicio 2016 que acendeu a 775.686,74 €, e a aplicación dun coeficiente de incremento do 5 %, a tódalas tarifas, o que supón 38.784,34 € de incremento dos DRN

Ambas medidas supón variacións da recadación de carácter permanente, e que afectarán de maneira positiva ao obxectivo da regra de gasto de futuros exercicios, co aumento do límite da regra de gasto para o exercicio 2018

Asemade prevense outra medida, que **non suporá** una variación de carácter permanente, e que xa se está a aplicar, como é:

CONCEPTOS	Anos	Cuantificación económica: estimación DRN	Observacións
Cobro do prezo público pola realización de actividades deportivas, culturais e de igualdade en importe próximo ao custo dos servizos	2017	5.055,00 €	Ordenanza aprobada con data 06/10/16.
Cobro do prezo público pola realización de actividades deportivas, culturais e de igualdade en importe próximo ao custo dos servizos	2018	5.055,00 €	Ordenanza aprobada con data 06/10/16.
<b>TOTAL</b>		<b>10.110 €</b>	

En relación ao contido adicional que a Lei 27/2013 vén fixar para o plan económico financeiro, considera esta Alcaldía que non procede aplicalas polo que:

- Non se considera necesario suprimir competencias distintas das propias e das exercidas por delegación, por canto que se trata de manter un nivel de orzamento similar ao de exercicios anteriores, nos que se presuposta con prudencia.

- Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta o concello. Xa é de aplicación coas medidas sinaladas anteriormente

- Racionalización organizativa. Non se considera necesario adoptar esta medida.

- Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio. Este concello non ten entidades desta natureza.

- Unha proposta de fusión cun municipio colindante da mesma provincia. Non se considera unha medida necesaria por canto que este Concello, ten capacidade suficiente para seguir prestando os servizos básicos que presta aos seus veciños sen ser necesario fusionarse con outros, o que, por outra banda, tampouco é unha medida que por si mesma supoña aforro ningún.

## 5.- TERCEIRA FASE. CONCLUSIÓN DO PEF

Facendo unha proxección cos datos recollidos anteriormente e as medidas que se pretenden adoptar, resultaría:

### 5.1.- ESTABILIDADE ORZAMENTARIA:

Exercicio 2017		
Capacidade/necesidade financiación previa	Efecto medidas	Capacidade/necesidade financiación PEF
31.956,82 €	140.055,00 €	172.011,82 €
31.956,82 €	140.055,00 €	172.011,82 €

Exercicio 2018		
Capacidade/necesidade financiación previa	Efecto medidas	Capacidade/necesidade financiación PEF
-135.047,72 €	140.679,34 €	5.631,62 €
-135.047,72 €	140.679,34 €	5.631,62 €

### 5.2.- REGRA DE GASTO

Exercicio 2017		
Gasto computable PEF	Límite da regra de gasto do PEF	Cumprimento /incumprimento regra gasto PEF

7.958.231,78 €	8.091.581,78 €	133.350,00 €
7.958.231,78 €	8.091.581,78 €	133.350,00 €

Exercicio 2018		
Gasto computable PEF	Límite da regra de gasto do PEF	Cumprimento /incumprimento regra gasto PEF
8.052.275,19 €	8.276.895,45 €	224.620,26 €
8.052.275,19 €	8.276.895,45 €	224.620,26 €

5.3.- DÉBEDA PÚBLICA: No existe endebedamento

#### 5.4.- DÉBEDA COMERCIAL E PMP

A situación é de cumprimento, polo que non se prevén medidas, e estímase un PMP para os exercicios 2017 e 2018 igual que o reflectido no último trimestre de 2016: **-24 días**

#### 6.- CUARTA FASE. CONTROL E SEGUIMIENTO DO PLAN

Unha vez aprobado o Plan polo Pleno da Corporación é obrigatoria a posta en coñecemento da Comisión Nacional da Administración Local. Posto en marcha as medidas propostas no mesmo é preciso que se proceda a comprobar periodicamente que estas nos permiten alcanzar os obxectivos marcados.

Ditas comprobacións realizaranse pola Intervención municipal con ocasión do cumprimento das obrigas trimestrais de remisión de información por parte do Concello ó Ministerio de Facenda. Dos citados informes darase conta ó Pleno do Concello e ós órganos encargados da execución do mesmo para que adopten as medidas complementarias que sexan necesarias para alcanzar os obxectivos marcados polo Plan.

E con carácter definitivo comprobarase pola Intervención municipal, con ocasión da aprobación da Liquidación do Presuposto de cada exercicio económico, o cumprimento dos obxectivos de Estabilidade Orzamentaria e Regra de Gasto.

a) Si en ditos informes se aprecia cumprimento dos obxectivos marcados darase por finalizada a execución do Plan Económico-Financeiro

b) Si en ditos informes apreciase INCUMPRIMENTO dalgún dos obxectivos marcados remitirase o Pleno para que nos prazos que marca a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira se proceda a súa revisión e aprobación coas medidas complementarias necesarias para alcanzar os obxectivos legalmente establecidos.

#### 7.- CONCLUSIÓN

No informe emitido pola Intervención municipal en relación á Liquidación do exercicio 2016 constatouse o incumprimento da regra de gasto regulada no artigo 12 da LOEPSF e da Estabilidade Orzamentaria.

Como consecuencia do anterior, e dando cumprimento ao previsto no artigo 21 da LOEPSF, esta Alcaldía formula o presente plan económico financeiro para a súa aprobación polo Pleno do Concello.

Considérase que este Concello cumprirá co obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra do gasto ao final dos exercicios 2017 e 2018, con ocasión da aprobación da súa liquidación. Estímase entón que nese momento se producirá unha situación de equilibrio ou de superávit en termos de contabilidade nacional."

**Segundo.-** Acordar a no dispoñibilidade do crédito das seguintes aplicación orzamentarias, s, en cumprimento das medidas previstas no Plan, de conformidade co previsto no artigo 33 do Real Decreto 500/90

- 133-62200: 95.000 €

- 160-60900: 8.000 €

- 1531-60900: 32.000 €

**Terceiro.-** Iniciar expediente para a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa de recollida de lixo, nos termos previstos no Plan Económico Financeiro

**Cuarto.-** Ordenar a publicación no BOP, aos efectos do trámite de exposición pública, polo prazo de 15 días hábiles, transcorrido o cal, procederase á publicación íntegra do Plan Económico Financeiro 2017-2018 en el BOP, e a súa ao Ministerio de Facenda e Función Pública>>

#### **4.- MODIFICACIÓN DA PERIODICIDADE DAS COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO PLAN ESPECIAL DO CONXUNTO HISTÓRICO ARTÍSTICO DO CONCELLO DE BAIONA**

O Sr.Alcalde cede a palabra a **SRA.IGLESIAS, PP**, quen procede á lectura da seguinte **PROPOSTA DA ALCALDIA**:

Resultando que en data 2 de xuño de 2011 o Pleno da Corporación aprobou definitivamente o aprobación definitiva ó Plan Especial do Conxunto Histórico Artístico do Concello de Baiona (PEPCHAB) segundo Texto Refundido e planos corrixidos 11.1, 11.2 e 11.4 e ficha M-21 P-24 cuxa normativa publicouse no BOP num. 119. de data 22 de xuño de 2011 e posterior anuncio no DOG 28 de xuño de 2011.

Resultando que o artigo 80 da Normativa dispón o seguinte "A Comisión Informativa Municipal de Urbanismo constituirase en Comisión de Seguimento do presente plan especial e o seu catálogo para todas aquelas cuestións, dúbidas e interpretacións que no seu desenvolvemento e aplicación se susciten en relación ás intervencións previstas nos inmobles do conxunto, así como para aqueles supostos previstos na normativa, convocando par iso a existencia de dous técnicos da delegación territorial da Consellería de Cultura de Pontevedra, a fin de asesorar e informar os devanditos proxectos e a unha persoa de arraigo no Concello de Baiona. En concreto, a Comisión de seguimento establecerá os parámetros para as obras de renovación e obra nova no que se refire a altura que será establecida en función da calidade arquitectónica do proxecto que se presente e do grado de integración có contorno protexido."

Resultando que o Pleno da Corporación en data 18.06.2015 acordou, entre outros, que as sesións ordinarias celebraranse cunha periodicidade mensual no día e hora que segundo o acordo da Comisión teñen lugar o primeiro mércores de cada mes as 10:00 horas.

Resultando que a vista do desenvolvemento da comisión e número de asuntos (una media de tres ou actro asuntos/sesión) que se someten a mesma e de acordo cos principios de eficacia e mellora na organización dos servizos administrativos considérase suficiente a celebración de sesión ordinaria de forma bimestral, sen prexuízo da posibilidade da convocatoria dunha sesión extraordinaria

E por isto polo que PROPOÑO ó Pleno da Corporación, para a súa aprobación, se procede, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Revocar o acordo plenario de data 18.06.2015 relativo a periodicidade mensual das Comisión de Seguimento do PEPCHAB (punto quinto do acordo)

SEGUNDO.- As sesións ordinarias celebraranse cunha periodicidade bimestral no día e hora fixada pola Comisión.

TERCEIRO.- Notificar aos membros da Comisión de Seguimento do PEPCHAB.

---

**SR.GOMEZ, PSOE.-** Nos, neste punto, de entrada nos imos a abster; non sei si fai uns Plenos presentamos unha moción que non foi aceptada, na que ia realmente unha solicitude para que este punto se tratara, e o grupo de goberno entendeu que non se debía presentar; e ímonos abstser porque entendemos que sí que está ben que se adianten os prazos para atender as solicitudes dos veciños pero entendemos de que é unha decisión do grupo de goberno non consensuada, como casi sempre, e polo tanto nos vamos a abster.

**SR.MARCOTE, BNG.-** Nos non estaríamos en contra desta proposta, pero non sei si está mal exposto ou non coincide coa realidade porque se fala, no 4º punto "Resultando que a vista do desenvolvemento da comisión e número de asuntos (una media de tres ou catro asuntos/sesión) ..."; si efectivamente se tratan 3 ou 4 asuntos por sesión mensual ben está cada mes.

O que debe ser importante é a tramitación con respecto ó solicitante, senón vai a estar esperando 2 meses esperando pola acumulación de expedientes. Entendo o compromiso do goberno municipal de que si hai acumulación de expedientes se convocarán convocatorias extraordinarias para que non se demoren no tempo. Si é así votaremos a favor.

**SR.MONTES SÁNCHEZ, EU-SON.-** Nosotros por la experiencia de asistir a los Plenos, si son 3 asuntos nos lleva toda la mañana. Estamos con el BNG: si se acumula mucho estamos toda la mañana para cuatro asuntos; y no es tanto lo que tardemos en la Comisión sino lo que tarde el expediente en venir arriba, porque hay alguna queja de los que van a Comisión en cuanto a que a veces se les indica que falta un trámite por hacer ó alguna documentación, y cuando lo traen aparece otro trámite más; es como la historia interminable; no se hasta que punto es así pero en todo caso es lo que hay que tratar de evitar y una vez que se presente el expediente que el ciudadano sepa claramente cuanto va a tardar pero en función de que el aporte lo que se le pida pero no de que a cada momento se le pida una cosa distinta. Nosotros en principio nos vamos a abstener.

**SR.ALCALDE.-** Todos tienen un poco de razón; lo único que estamos haciendo aquí es transcribiendo lo que ya estamos haciendo. Y por supuesto si hubiese alguna urgencia se haría una convocatoria extraordinaria.

---

**Sometido a votación o presente punto polo Sr.Alcalde, resulta: resultando: 11 votos a favor (9, PP; 2,BNG); 6 abstencións (4, PSOE; 2, EU-SON).**

E por isto que o Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

Primeiro.- Revocar o acordo plenario de data 18.06.2015 relativo a periodicidade mensual das Comisión de Seguimento do PEPCHAB (punto quinto do acordo)

SEGUNDO.- As sesións ordinarias celebraranse cunha periodicidade bimestral no día e hora fixada pola Comisión.

TERCEIRO.- Notificar aos membros da Comisión de Seguimento do PEPCHAB.

---

#### **5.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL PSOE RELATIVA Á CONCESIÓN DE LICENZAS DE OBRA.**

**Sometida a votación a Urgencia da devandita Moción, fica aprobada por unanimidade.**

---

A **SRA.SANTOS, PSOE**, procede á lectura da seguinte MOCIÓN:

**En base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta esta MOCIÓN**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

**Na Agrupación Socialista temos constancia da problemática que está a acontecer nas parroquias de Baiona polas deficiencias que representan as prácticas actuais no tocante ás acometidas do servizo de auga pública. Sanse casos nos que as persoas que adquiren una finca teñen que destinar parte dos seus recursos a enganchar a súa propiedade á acometida do servizo público, tratándose en ocasións de distancias máis que considerables. Son xa numerosas as queixas que diariamente recibimos dos vecinos das zonas afectadas, tanto de Belesar, como de Baiña ou Baredo.**

**Actualmente toda a responsabilidade para o abastecemento das vivendas recae única e exclusivamente nas comunidades de augas, feito que representa a máis que notable desconexión que estase producindo entre a Administración Local e as antes mencionadas comunidades. Esta situación ten uns sós damnificados, os vecinos e veciñas de Baiona.**

**Ao noso xuízo a auga é un ben de primeira necesidade e a responsabilidade da súa xestión e abastecemento, para que chegue por igual a todos os fogares, é una das principais funcións dos servidores públicos.**

**O Grupo Municipal Socialista somete á consideración do Pleno esta Moción, para que se adopte o seguinte ACORDO:**

- **Instase ao Goberno Municipal a que en toda licenza de obra vaia garantizado o aprovisionamento de auga.**
- 

**SRA.IGLESIAS, PP.-** A verdade é que non entendemos moi ben esta moción porque cando unha persoa vai a pedir unha licenza xa ten que garantir a conexión de auga, de saneamento e de luz, porque senón non te dan a licenza de obra. Entón vou a esperar o seguinte turno onde se explique un pouco máis cal é o fin porque en principio ten que estar garantizado porque así o dí a Lei do Solo de Galicia no seu artigo 24 e no artigo 16 do noso PXOU.

**SR.MARCOTE, BNG.-** En principio teño que darlle a razón. Nós, á vista desta moción parécenos confusa e en todo caso solicitamos a retirada ó PSOE para que tiña clara a petición; agardaremos a súa explicación máis detaiada para valorar porque realmente non sabemos o que se pide; e si esto é o que se pide entendemos que non se pode pedir.

**SR. MONTES, EU-SON.- O mesmo.**

**SRA.SANTOS, PSOE.-** Sabemos que isto da auga é unha concesión, pero o que queremos é que o Concello garantice os servizos de saneamento e auga; e que facilite esa tramitación ós veciños e á xente que queira establecerse en Baiona. Simplemente é unha facilitación dos trámites; que non se prolongue no tempo; que a xente non esté esperando por eses trámites os meses que están esperando.

**SRA.IGLESIAS, PP.-** E que non sei ata que punto interfere o Concello nestes trámites. Se tí queres facer unha vivenda, va conxunto coa licenza, nun proxecto ti tes que garantir que tes acceso a eses servizos.

Si te refires á rede pública de auga, a rede chega a onde chega; e logo hai outros sitios onde hai unha rede é privada, que son as comunidades de augas, pero é un tema privado onde o Concello non pode intervir, está xestionado de forma privada e se fiscaliza por Augas de Galicia, pero é un tema privado cuns estatutos onde o Concello nin pincha nin corta. Non lle vexo moito sentido a esta moción.

**SRA.SANTOS, PSOE.-** A situación é que son os propios veciños os que teñen que mediar con esas Comunidades de augas. O que pedimos é que os veciños poidan acudir ó Concello para que lles facilite esa conexións entre as compañías e as suas vivendas.

**SR.ALCALDE.-** Si quieres lo seguimos debatiendo ó lo dejamos encima de la mesa. Nosotros no podemos meternos con la acometida de aguas, es privativo, no tenemos potestad sobre eso; es como si tenemos que gestionar un Centro Cultura cuando no es nuestro. Nuestra propuesta es que la dejemos encima de la mesa.

---

**Polo Sr.Alcalde se procede a votación deixar a presente Moción enriba da mesa, resultando aprobado por unanimidade.**

### **5.1.- MOCIÓN DO BNG.-**

**SR.PEREIRA, BNG.-** E unha moción presentada en tempo e forma; como solemos facer, evidentemente sempre estamos coa resposta do Sr.Alcalde de que é un Rogo. Fixemos unhas consultas técnicas, e a verdade é que a Lei en si non aclara moito, deixa moito á libre interpretación. Nos entendemos que un Rogo en si vai dirixido ó alcalde ou a un membro do equipo de goberno no cal poida facer efectivo ese rogo no seu ámbito competente; é decir, rogar, por exemplo, ó concelleiro de Deportes que faga tal actividade; entón estamos rogándolle ó concelleiro de Deportes que ten competencia para facer esa actividade.

Unha moción é cando se fala para discutir un tema no Pleno e que sexa o conxunto do Pleno quen tome unha decisión de cara o acordo de que se fale; é decir, que si estamos pedindo instar a unha Consellería, a un ente superior, entendemos que ten que ser unha moción, porque non pode instar o Alcalde, debe instar o Pleno, que somos todos.

Entendo que esta moción que vamos a presentar si que é unha moción, e o Alcalde e o PP o saben, pero como é un tema complexo non quere metélo na orde do Día.

Durante o mes de maio practicamente non hubo servizo de asistencia pediátrica no Centro de Saude de Baiona.

Durante algúns días, concretamente os días 28 de abril, e os días 2, 12, 15 e 16 de maio do 2017, non houbo asistencia pediátrica no Centro de Saude de Baiona por ausencia do pediatra titular Ignacio Porrit Dueiro, o único que pedimos é instar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a que se cubran estas ausencias por permisos cando o pediatra non poida acudir ó Centro.

A URXENCIA é que me obriga vostede a presentála por urxencia. Foi rexistrada o 22 de maio, a levo á Comisión Informativa con tempo e forma e me di vostede que e un Rogo; e eu como entendo que é unha moción a única saída que me queda é presentála como moción. Non me da outra saída.

---

**VOTACIÓN DA URXENCIA.- Sometida a votación a Urxencia da presente moción resulta: 8 votos a favor (4, PSOE; 2,BNG; 2, EU-SON), fronte a 9 votos en contra, PP. Polo cal rexeitase a urxencia.**

---

**SR.ALCALDE.-** Antes no entendimos la moción del PSOE y la pusimos encima de la mesa a ver si la explicaban mejor, al final no la entendimos bien, y ustedes tampoco, y quedó encima de la mesa. En su caso es diferente; y se lo dije el otro día, para mí es un Ruego.

Usted sabe que hay un protocolo, cuando una persona pide por asuntos propios 3 días hay una alternativa que es el Centro de la Junquera, y si es hubiese una urgencia hay médicos de familia que atienden en pediatría, y si es una urgencia severa se va directamente al Cunqueiro. No tiene sentido meterlo en la orden del día; si fuera un tema de 1 ó 2 meses lo entendería pero estamos hablando de 3 días. Está cubierto; hay un protocolo que se cubre, y siempre ha sido así.

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS.**

### **ROGOS DO PSOE.- SR.GÓMEZ.**

**1º.- Se trata dun ROGO que nos expresaron os vecinos e veciñas da Avenida Monterreal do pintado da calzada; nos piden o pintado urxente dos pasos de ceбра, e que na medida do posible se deixe o pintado orixinal polo tema do propio servizo dos comerciantes. Na Estación de Servicio e no Vidro hai negocios e veciños que pola entrada nos garaxes nos piden que se manteña o pintado orixinal.**

**SR.ALCALDE.-** Ayer tuvimos una reunión por la mañana con ACEBA y con parte de los afectados y les

dimos todas las explicaciones pertinentes; saben que esa carretera es titularidad de la Xunta. Aun así ellos tampoco están de acuerdo con que quede exactamente como antes porque antes podían salir en los dos sentidos, lo cual era un peligro. Ahora esperamos que la semana que viene haya un resultado definitivo.

**2º.- En Belesar comentan que hai un problema na recollida de lixo nas papeleiras na zona de Urgal, tanto no parque infantil que está por riba de Xogo dos Bolos e no propio Xogo dos Bolos; se demora en exceso e que se poida solucionar á maior brevidade posible.**

---

#### **ROGOS DO BNG.- SR.PEREIRA.**

**1º.- ROGAMOS ó Sr.Alcalde que constitúa dunha vez a Comisión de participación e transparencia, na cal aparte de regular a participación veciñal tamén se poida regular, entre outras cousas, de común acordo, o que é un Rogo é o que é unha moción.**

**Antes esquezouseme decirlle, xa que igual ún dos problemas que pode haber é que non ten vostede o teléfono do conselleiro, despois podo darllo, para que fale co Conselleiro de Sanidade para que por favor intente solucionar ese problema que como vostede dixo foron so 3 ou 4 días que Baiona estivo sen pediatra.**

**SR.ALCALDE.-** Por certo falei co conselleiro hoxe a mañán; teño o teléfono.

---

#### **ROGOS DO PSOE.- SR.GÓMEZ.**

**Se me pasó un ROGO. Esta moción que hemos presentado en tiempo y forma pues nos han comunicado en Registro que ahora hay que dar datos del partido, el CIF, etc. ROGAMOS que cualquier cambio administrativo que pueda haber, que afecte no solo a los vecinos sino a la Corporación, que se nos comunique en tiempo y forma.**

**ROGO.- Tenemos una duda precisamente con el pintado en Sta.Marta en la que hay un carril en el medio, la separación entre dos líneas continuas, una medianera de aproximadamente 1 metro, y queríamos saber para que es.**

**SR.ALCALDE.-** Entiendo que son criterios; hay unas nuevas normativas y entiendo que es por seguridad y para que la velocidad sea más reducida. En cuanto a los pasos de cebra los están pintando hoy. En cuanto a los pasos de cebra de Carabela Pinta, se refiere a que están adoquinados y no tienen señal de pasos de cebra; teóricamente es una calle que tiene una especificación diferente. Hay una señal primera que lo señaliza.

---

#### **PREGUNTAS DO PSOE.- SR.GÓMEZ.**

**1º.- La Mancomunidad de Montes de Belesar a través del Concello, porque así lo dice la Diputación ahora mismo, presentó un escrito para solucionar el problema de la curva que tiene la propia casa; es una carretera de la Diputación provincial y queremos saber si saben algo de ese tema.**

**2º.- A día de hoy el Erizana no ha recibido la ayuda del Concello de 19.000 euros.**

**SR.ALCALDE.-** Lo firmamos la semana pasada; entiendo que en breve se le ingresará el dinero, como no puede ser de otra manera.

**SR.GÓMEZ.-** Entiendo que hay un problema y así el Erizana me lo ha expresado directamente, de que han tenido que adelantar un dinero, y justo la ayuda del Concello le llega a final de temporada. Están preocupados pero de momento le pueden hacer frente. Ver si en la medida de la posible se puede agilizar.

**SR.ALCALDE.-** Firmado ya está; ahora depende del departamento económico. Como se dijo al principio seguimos con deuda 0 y con buena financiación. Con respecto a lo otro contestará Ana Simons.

**SRA.SIMONS, PP.-** Nosotros lo que hicimos fué lo que comentamos antes de Diputación; de todas formas si nosotros tenemos el teléfono del conselleiro, vosotros tenéis el de la Diputación que os puede facilitar y decir más claramente cuando tienen pensado realizarla.

**SR.GÓMEZ.-** Por alusiones, es que esta Presidenta de Diputación no es como Louzán; no trabaja solo con la gente del partido; trabaja con todos. Espero que ese boicot, que digamos que había

**que hacer, por parte del PP, creo que era una orden de Rueda y del Sr.Almuiña, pues no tenga nada que ver con ésto.**

**SR.ALCALDE.-** Sr.Gómez, creo que hasta ahora ibamos bien y no entremos en política.

Desde nuestra parte y a mí como alcalde, sí me vinieron de la Comunidad de Montes, porque es la Comunidad la que tiene que hacer el movimiento, porque es así; yo lo hice con el diputado Uxío y entiendo que se tiene que solucionar porque es bueno para todos, ya no solo para el Centro Cultural sino porque es realmente una curva peligrosa; estamos con los trámites pero eso realmente es de la Comunidad de Montes de Belesar con la Diputación.

**SR.PEREIRA, BNG.-** Vou a falar eu porque teño contacto permanente con Uxío e teño o teléfono. Está comprometido en chamarme pero está a espera dos informes técnicos.

---

#### **PREGUNTAS DE EU-SON.-SR.SILVANO MONTES.-**

**1.- ¿ Porque sigue abierta la calle Carabela La Pinta por las tardes una vez finalizadas las obras de Ciudad de Vigo?. ¿Hay alguna razón técnica?. Hay familias, sobre todo madres, que por la tarde suelen ir a la alameda y se encuentran, están un poco despitados, con que pasan coches, no pasan coches, y hay bastantes niños. Por eso digo si hay alguna razón técnica.**

**SR.ALCALDE.-** Es por una razón técnica. Se cerrará toda la temporada estival y se verá si se cierra todo el año. Pero usted sabrá que hay varias opiniones, hay comerciantes que quieren que esté abierta de lúnes a viernes, y otras personas no quieren, como dijo usted, por el lecer y el disfrutar.

**2.- Ya van varios meses y no vemos que ésto tenga solución, ¿qué destino final le van a dar al Centro Antena?. No vemos que se vaya a reactivar.**

**SR.ALCALDE.-** Todo tiene solución pero ahora mismo no la hemos conseguido. Queremos hacer una reforma del exterior porque ya hace 11 años se preparó el edificio, el Centro Antena, con 14 puestos multimedia de ordenador y un observatorio de naturaleza viva; hay que hacer una obra exterior y luego hay que darle contenido y tener una persona allí. No es fácil a veces tener una persona allí, es sobre todo por el tema del personal; pero nuestra intención es que sí funcione.

**3.- ¿Recibimos alguna subvención de algún organismo para la Fiesta de la 3ª Edad?.**

**SR.ALCALDE.-** Que yo sepa no.

**SR.MONTES.-** Entonces, ¿qué criterio se sigue para invitar a las autoridades de unos organismos y de otros no?. Hay gente de la Xunta pero no de Diputación.

**SR.ALCALDE.-** El mismo criterio que se siguió hasta ahora. La financiación es del Concello.

---

#### **PREGUNTAS DEL PLENO ANTERIOR DE EU-SON.-**

**1.- Nos gustaría saber como va el tema de las viviendas valeiras; cuántas viviendas tenemos ya en el programa.**

**SRA.PAREDES, PP.-** Bós días. Comentarlle que nestes momentos non hai ningunha proposta de maneira oficial; sí que houbo consultas de maneira extraoficial; pero as condicións evidentemente no contexto no que nos movemos, e xa é algo que plantexamos no seu momento, ó ser un contexto turístico, é complicado conseguir esas vivendas.

Quero salientar que con data 19 de maio e publicado este lúns, existe unha liña de subvencións da Xunta para incentivar esa incorporación na que se establecen unha serie de axudas para arranxar vivendas e potenciar que se leve un pouco como incentivo.

---

**(Sendo as 13.00 h., saen da sala o SR.RAFael LORES e DNA.VIRGINA SANTOS, do PSOE)**

#### **2.- SITUACIÓN DO PERSOAL DO PARKING.**

**SR.BAHAMONDE, PP.-** Respecto a la pregunta del Pleno anterior de la situación laboral de los trabajadores del parking del Aral, decir que se encuentran subrogados en resolución de Alcaldía con fecha 7.5.15 con efectos al 9.5.2015, y con respecto a los derechos y obligaciones derivados del contrato de trabajo laboral indefinido en la categoría de agentes de aparcamiento, según el 5º Convenio colectivo general del ámbito nacional para el sector de aparcamientos y garajes, publicado en el nº 210 del BOE del 11.8.09 y en el convenio autonómico DOGA nº 84 del 2 de mayo.

Indicar que según el convenio, en el artículo 40, la jornada laboral será de 40 horas semanales de trabajo

efectivo. Muchas gracias.

---

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr.Alcalde levantou a sesión sendo as trece horas e cinco minutos do mesmo día, de todo o cal, como Secretaria, CERTIFICO.